



II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Comisaría de Augas

Ourense

Nesta Confederación Hidrográfica formulouse a seguinte petición:

Anuncio de competencia de proxectos

Nome do peticionario: Pacific Strategic Minerals Spain, SL.

Representante: Francisco García Polonio.

Destino do aproveitamento: uso industrial.

Caudal de auga solicitado: 51 l/s

Corrente de onde se pretende derivar a auga: balsa de Roldán, en Penouta.

Coordenadas UTM ED50 HUSO 29:

1.- X= 663.796, Y= 4.672.072; 2.- X= 663.192, Y= 4.673.041
3.X= 665.606 Y= 4.674.611.

Termo municipal no que radican as obras: Viana do Bolo (Ourense).

De conformidade co establecido no artigo 105 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, ábrese un prazo dun mes, a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que o peticionario presente nesta Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (Comisaría de Augas, rúa do Progreso, n.º 6, 32003 Ourense), a súa petición concreta e o proxecto debidamente precintado, conforme ás prescricións do artigo 106 do dito texto; admitiranse tamén, durante este prazo, outras peticións que teñan o mesmo obxecto que aquela ou que sexan incompatibles con esta.

Denegarase a tramitación posterior de toda solicitude que supoña unha utilización de caudal superior ao dobre do que figura máis arriba, sen prexuízo de que quen o pretenda poida, dentro do prazo sinalado neste anuncio, remitir a súa petición na forma prevista no artigo 104 do citado regulamento, na que se solicitará a paralización do trámite da solicitude que é obxecto desta publicación, acompañándoa do resguardo acreditativo do ingreso na Caixa Xeral de Depósitos dunha fianza pola cantidade do 1% do orzamento das obras que afecten ao dominio público para responder da presentación do documento técnico.

O desprecintado dos documentos técnicos, a que se refire o artigo 107 do citado regulamento, realizarase nas oficinas da Comisaría de Augas desta Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (rúa do Progreso, 6, Ourense) ás catorce (14.00) horas do primeiro día hábil, despois dos seis días da conclusión do prazo de presentación de peticións.

Do pagamento deste anuncio responde este peticionario.

O xefe do servizo. Asdo.: José Alonso Seijas.

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil

Comisaría de Aguas

Ourense

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

Anuncio de competencia de proyectos

Nombre del peticionario: Pacific Strategic Minerals Spain, SL.

Representante: Francisco García Polonio.

Destino del aprovechamiento: uso industrial.

Caudal de agua solicitado: 51 l/s

Corriente de donde se pretende derivar el agua: balsa de Roldán, en Penouta.

Coordenadas UTM ED50 HUSO 29:

1.- X= 663.796, Y= 4.672.072; 2.- X= 663.192, Y= 4.673.041
3.X= 665.606 Y= 4.674.611.

Término municipal en el que radican las obras: Viana do Bolo (Ourense).

De conformidad con el artículo 105 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por el Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se abre el plazo de un mes, contado desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica (Comisaría de Aguas, calle de O Progreso, n.º 6 - Ourense) su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del artículo 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con ésta.

Se denegará la tramitación posterior de toda solicitud que suponga una utilización de caudal superior al doble del que figura más arriba, sin perjuicio de que quien lo pretenda pueda, dentro del plazo señalado en este anuncio, remitir su petición en la forma prevista en el artículo 104 del citado reglamento, en la que se solicitará la paralización del trámite de la solicitud que es objeto de esta publicación, debiendo acompañar a esta el resguardo acreditativo del ingreso en la Caja General de Depósitos de una fianza por la cantidad del 1% del presupuesto de las obras que afecten al dominio público para responder de la presentación del documento técnico.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el artículo 107 del citado reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica (calle de O Progreso, n.º 6, Ourense), a las catorce (14:00) horas del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

El jefe del servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 3.144

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Comisaría de Augas

Ourense

Información pública

Expediente: A/32/18121

Asunto: solicitude de autorización de corta e poda.

Peticionario: Sociedade de Pesca Alaricana.

NIF n.º: G 32102089

Domicilio: rúa Estrada Santa Mariña, 4, 32660 Allariz (Ourense).

Nome do río ou corrente: Arnoia.

Punto de localización: A Acea de Meire.

Termo municipal e provincia: Allariz (Ourense).

Coordenadas (Datum ED 50 Huso 29): X = 601.263 Y = 4.672.574

Breve descripción das obras e finalidade:

Preténdese realizar a corta de dous (2) amieiros, seis (6) salgueiros e podar setenta e catro (74) amieiros e doce (12) salgueiros en dominio público hidráulico de ambas as dúas marxes do río Arnoia, na Acea de Meire, termo municipal de Allariz (Ourense).

Publícase isto para xeral coñecemento por un prazo de trinta días, contado a partir do seguinte á data de publicación deste